



I 279d

Voulle escribir  
nun papel blanco  
que lle morreu a burra  
ó Manuel do Campo,  
/: ai si, ó Manuel do Campo :/

I o Manuel do Campo  
choraba por ela:  
“Adiós miña burra,  
e adiós burra vella,  
/: ai si, adiós, burra vella. :/

Adiós burra vella,  
i adiós compañeira;  
¿quen te levará  
ó pé da nogheira,  
/: ai si, ó pé da nogheira?” :/

I 133

Tres varas e cuarta  
para facer un traxe  
e o raio do xastre  
non lle deu traspase,  
/: ai si, non lle deu traspase. :/

Para facer un traxe  
trse varas e cuarta  
e o raio do xastre  
dice que aínda falta,  
/: ai si, dice que aínda falta. :/

Fíxolle a chaqueta  
coma a dun torero  
i o raio do xastre  
levarache o demo,  
/: ai si, levarache o demo. :/